

Regulamento dos traballos fin de grao (TFG) da titulación de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos impartida na Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	1
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	1
Artigo 2. Normativa aplicable	2
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG	2
Artigo 3. Matrícula do TFG.....	2
Artigo 4. Realización do TFG	2
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados.....	3
Artigo 5. Oferta e asignación do TFG	3
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos	4
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación	5
Artigo 7. Defensa do TFG	5
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG.....	6
CAPÍTULO V. Disposicións finais.....	8
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	8
Disposición final primeira. Habilitación	8
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	8

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de grao na titulación de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos impartida na Facultade de Ciencias do Traballo.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFG na titulación de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos impartida na Facultade de Ciencias do Traballo da UDC.

2. Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia TFG da titulación da Facultade de Ciencias do Traballo regulada por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG

Artigo 3. Matrícula do TFG

1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.

2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.

3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFG

1. O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do PDI da UDC ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade que actuará como director/a do traballo, e será responsable de:

- a) expoñerlle ao estudantado cuxa titoría exerza as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento;
- b) realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.

O TFG poderá ser dirixido por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado pertencente aos departamentos que imparten docencia no título en que estiver matriculado o/a estudante. Por outra parte, se no marco dun convenio de prácticas o/a estudante ten que desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade noutro organismo distinto á UDC, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFG.

2. O TFG ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao.

Os temas que se propoñan para a realización do TFG, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza. A Facultade velará mediante os mecanismos de coordinación existentes no grao e a comisión de organización académica para que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fan referencia as memorias do grao.

3. O TFG terá unha extensión entre 20 e 40 páxinas (aparte poderá levar anexos). O tipo de letra será Times New Roman, tamaño 12 puntos, con un interliñado de 1,5. Márxenes: superior, inferior e dereito 2,5 cm; esquerdo: 3 cm. O TFG terá unha portada coas características presentadas no anexo III.

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFG

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFG, determinado pola xunta de centro, é a comisión de organización académica, encargada de asegurar a aplicación do presente regulamento e da normativa xeral de UDC, e de nomear aos tribunais e establecer as datas, horas e aulas de presentación dos TFG.
2. A oferta e asignación do TFG realizaranse exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais.

Os temas ou as liñas dos TFG e os directores correspondentes proporanse de xeito razoado. Tal proposta será remitida á dirección do centro polo profesorado. Os estudantes poderán propoñerlles aos profesores temas ou liñas para que sexan incorporados na súa oferta.

A comisión de organización académica aprobará e fará pública unha listaxe cos temas ofertados polos docentes, así como co número de estudantes que poden escoller cada

tema e os criterios de asignación. A devandita listaxe garantirá un número de direccións suficiente para a totalidade dos estudantes matriculados no TFG.

Unha vez finalizados os pasos anteriores, o estudantado solicitará a asignación por orde de preferencia dun número mínimo de tres temas ou liñas (Anexo I). A comisión preparará unha proposta de asignación provisional, en que intentará respectar as opcións manifestadas polo estudantado e o profesorado implicado, baixo o principio de igualdade, mérito e capacidade. Para dirimir as prioridades na elección de tema ou titor/a valorarase como criterio o expediente académico.

Coa publicación da proposta provisional establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, a comisión de organización académica publicará unha listaxe definitiva. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso sempre que a comisión o autorizar e publicar. Unha vez publicada a listaxe definitiva, o/a estudante e o/os directores cubrirán o anexo II.

En caso de acordo mutuo entre profesor/a e estudante sobre un TFG non incluído no listado ofertado polos profesores, cúbrese directamente o Anexo II do Regulamento, asinado por estudante e director/es del TFG.

As datas exactas de cada un destes pasos aparecerán na páxina web da Facultade.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.

2. A confidencialidade poderá solicitarse exclusivamente cando resulte indispensable para a protección dos intereses lexítimos da entidade colaboradora, ou para evitar prexuízos derivados da divulgación pública de información sensible que afecte á Universidade, á entidade colaboradora ou a terceiros.

Se así o considerasen a persoa titora ou o/a estudante adoptaranse as medidas necesarias que garantan a confidencialidade dos TFG durante todo o proceso de oferta, realización, depósito, defensa, avaliación e publicación, logo da solicitude ao decanato por parte do/a titor/a ou o/a estudante ou de ambos, sen menoscabar o carácter público do acto de defensa nin a avaliación académica dos traballos. As instrucións e medidas específicas poderán consultarse no *Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento dos traballos fin de grao e fin de mestrado na UDC*.

En atención ás causas alegadas, o decanato emitirá unha resolución motivada sobre a procedencia ou non da solicitude e, se é o caso, das medidas a adoptar no prazo máximo de 7 días, indicando especialmente os límites a ter en conta no momento do depósito do traballo e do seu envío ao tribunal avaliador, durante a defensa e a

avaliación, tendo en conta a obrigatoriedade de que o acto de defensa sexa público, así como na publicación do TFG no RUC, se procede.

3. En materia de prevención de riscos, a Facultade de Ciencias do Traballo actuará conforme ao establecido na normativa da UDC.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFG

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG.

No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/a estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFG non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.

3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFG realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:

- a) Solicitude do/a estudante. Se realizará a través da aplicación SIGMA da Secretaría Virtual (Espacio TFE). Ademais o/a estudante deberá obrigatoriamente subir ao Campus Online <https://udconline.udc.gal>, o traballo en formato pdf. O ficheiro pdf nomearase "TFG_Apelido1_Apelido2_Nome.pdf".
- b) Entrega final de documentación. O/a estudante deberá entregar na Secretaría do Decanato un exemplar encadernado en papel do TFG.

O/a estudante poderá consultar o tribunal, o día e o lugar dende seu Campus Online, na páxina web e no taboleiro de anuncios da Facultade. En caso de suspender ou non presentarse deberá realizar outra solicitude e defendelo novamente, co que agotaría as dúas oportunidades.

4. Para a defensa e avaliación do TFG, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.

5. As convocatorias de defensa do TFG realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente. Con dúas oportunidades de defensa por curso académico, a Facultade programará convocatorias nos meses de xuño, xullo, setembro, decembro e febreiro. Se axustarán

as datas dunha das convocatorias á normativa de preinscrición e matrícula de mestrado, de tal modo que se garante que o estudantado de grao que finalice a súa titulación no mes de xullo poida dispor do prazo de preinscrición ordinario establecido nesa normativa; e se respectarán as datas límite de sinatura e entrega de actas establecidas no calendario académico oficial.

6. A defensa do TFG realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.

O estudantado matriculado neste grao o está en modalidade presencial, debendo defender o seu traballo de forma presencial. De modo excepcional e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitar unha modalidade de defensa diferente á prevista, debendo presentar unha solicitude ao decano/a do centro, debidamente acreditada e segundo a normativa da UDC, e o decano/a decidirá, unha vez comprobado que se cumpren as condicións legais, administrativas, técnicas, organizativas ou de outro tipo. Esta solicitude presentarse no mesmo prazo existente para a solicitude de defensa do TFG, e o prazo de resolución polo decano/a do centro será de catro días dende a súa solicitude.

7. A defensa dos TFG terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico. A defensa será oral. O/a estudante disporá dun tempo máximo de 20 minutos no que deberá expoñer os obxectivos, metodoloxía, contido e conclusión do seu traballo. Con posterioridade á exposición, o/a estudante atenderá as preguntas, as aclaracións, comentarios e suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación. O tempo que pode durar o acto de defensa, incluíndo tanto a exposición como o debate co tribunal é de aproximadamente 45 minutos.

8. A realización, presentación e defensa do TFG poderá efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

9. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFG, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFG.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG

1. Os TFG serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin. Os tribunais de avaliación configúranse da forma que establecer a comisión de organización académica, segundo o número de alumnos matriculados e a temática dos diferentes TFG que se presentaren.

2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do

centro que imparte o título. O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal, nin intervir na cualificación final.

3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaría. O resto dos membros terán a consideración de vogais. Utilizaranse como criterios a categoría docente e a antigüidade para nomear o/a presidente/a e o/a secretaria/o, que exercerán como tales en todas as actuacións do tribunal.

4. Unha vez realizada a exposición do/a estudante, o tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde. Aplicaranse os criterios de avaliación que figuran no Anexo IV: memoria (6 puntos máximo), exposición (2 puntos máximo) e defensa do traballo (2 puntos máximo). Para a cualificación final establecerase a media aritmética das cualificacións asignadas ao TFG por cada un dos membros do tribunal. O secretario/a do tribunal será o encargado de recoller na acta (Anexo V), a cualificación final e de entregala no Decanato da Facultade, ademáis de asinar electrónicamente a acta dixital.

5. A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0 - 4,9 suspenso
- b) 5,0 - 6,9 aprobado
- c) 7,0 - 8,9 notable
- d) 9,0 - 10 sobresaínte

6. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, e sexa merecedor/a de tal mención, segundo o criterio unánime do tribunal avaliador.

7. No caso de o/a estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviaráselle(s) unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o TFG.

8. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

9. A comisión de organización académica seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC). Para isto, o Decanato enviará unha copia ao Servizo de Biblioteca a través da aplicación SIGMA. En caso de que o autor/a ou o titor/a do TFG non autoricen o depósito e a publicación deste no RUC, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá solicitalo previamente ante a comisión de organización académica, que resolverá en cada caso.

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Quedan derogados todos os anteriores regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase ao decanato do centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación a partir do curso académico seguinte ao da súa publicación.

O decano da Facultade de Ciencias do Traballo

Moisés Alberto García Núñez

ANEXO I

SOLICITUDE INICIAL DE TRABALLO FIN DE GRAO

Don/Dona
con D.N.I. email
Teléfono

SOLICITA

A realización do Traballo Fin de Grao

.....
En 1ª Opción _____

En 2ª Opción _____

En 3ª Opción _____

NOTA MEDIA EXPEDIENTE ACADÉMICO:

Xustificación da elección:

Asdo.:

Ferrol a _____ de _____ de 20

SR./SRA. DECANO/A DA FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO

ANEXO II

SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

Don/Dona
con D.N.I. e enderezo
r/
CP Poboación

SOLICITA

A realización do Traballo Fin de Grao, co título (en galego):

(en castellano): _____

(in english): _____

baixo a dirección de _____

e a codirección de (no seu caso) _____

Ferrol a _____ de _____ de 20

Asdo.:

Vº e Prace Director/a do TFG

Vº e Prace Codirector/a do TFG (no seu caso)

Asdo.:

Asdo.:

SR./SRA. DECANO/A DA FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO

**ANEXO III:
MODELO DE PORTADA DO TFG**



GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS/

**Indicarase o título do traballo
(galego, castelán e inglés)**

TRABALLO FIN DE GRAO. CURSO:

APELIDOS E NOME

DIRECTOR/A: Nome e Apelidos.

ANEXO IV: GUÍA PARA A VALORACIÓN DOS TRABALLOS

A) Memoria (6 puntos máximo)

B) Exposición (2 puntos máximo)

C) Defensa do traballo (2 puntos máximo)

ANEXO V**TRABALLO FIN DE GRAO. ACTA DE AVALIACIÓN**

Alumno/a: _____ D.N.I.: _____

Título do Traballo Fin de Grao (en galego): _____

(en castellano): _____

(in english): _____

COMISIÓN AVALIADORA:

Presidente/a: _____ D.N.I.: _____

Vogal: _____ D.N.I.: _____

Secretario/a: _____ D.N.I.: _____

VALORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

	Presidente/a	Vocal	Secretario/a
Memoria			
Exposición			
Defensa do traballo			
SUMA TOTALES			

CUALIFICACIÓN FINAL (0-10): _____

Ferrol a _____ de _____ de 20

Presidente/a

Vogal

Secretario/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____